

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E ASOCIACIÓN NACIONAL DE CRIADORES DE RAZA RUBIA GALEGA (ACRUGA) PARA CONTINUAR COA EXECUCIÓN DUN PROGRAMA PARA A CONSOLIDACIÓN E DIVERSIFICACIÓN XENÉTICA DA RAZA RUBIA GALEGA, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER), NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014_2020.

Esta consellería do Medio Rural é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de desenvolvemento das accións necesarias para a ordenación, fomento e control da produción gandeira, así como na elaboración e execución dos programas de conservación e fomento dos recursos zootenéticos autóctonos de Galicia e, en consecuencia, nos programas de mellora xenética do gando, tal como se recolle no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos a conservación dos recursos zootenéticos autóctonos de Galicia en perigo de extinción.

Antecedentes

A Rubia Galega é unha raza bovina autóctona de Galicia cuxo patrimonio xenético acumula unha parte imprescindible dos recursos zootenéticos autóctonos da nosa Comunidade Autónoma. A importancia desta raza ben determinada pola súa longa e ampla implantación no agro galego onde contribúe ao sustento de moitas familias e ao desenvolvemento das zonas rurais así como polo feito de estar moi identificada con esta comunidade. É unha raza adaptada as condicións de produción tradicionais e respectuosas co medio e capaz de responder as exigencias do mercado cun produto de gran calidade.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS
SUBDIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA
SERVIZO DE PRODUCIÓNS GANDEIRAS E BENESTAR ANIMAL
Edificio administrativo núm. 4 de San Caetano, 2ª planta
15781 Santiago de Compostela
T: +34 981 546 180
prodgandeiras.sscg.cmr@xunta.gal
mediorural.xunta.gal





A Asociación Nacional de Criadores de Raza Rubia Galega (ACRUGA) é a entidade recoñecida polo Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente para a xestión do libro xenealóxico da raza Rubia Galega e o desenvolvemento do seu Programa de Mellora (BOE 91 de 16 de abril de 2012), e como tal figura incluída no Rexistro Xeral de Asociacións de Razas Puras e recoñecida pola Unión Europea. Entre os seus fins destacan a promoción, expansión e selección do gando vacún da Raza Rubia Galega, velando pola súa pureza así como o establecemento dos criterios zootécnicos e a xestión do Libro Xenealóxico, Programas de selección e Controles de Rendementos da raza.

A submedida 10.2 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia para o período 2014-2020 relativa á conservación de recursos xenéticos na agricultura, ten entre os seus obxectivos a recuperación da variabilidade xenética, e a súa potenciación, de ser o caso, así como implantar mecanismos que permitan aos gandeiros acceder aos fondos xenéticos dispoñibles das razas autóctonas.

A Consellería do Medio Rural e ACRUGA veñen colaborando nos sucesivos Programa de desenvolvemento rural de Galicia mediante actuacións na conservación dos recursos zootécnicos autóctonos. No ano 2020 asinase o último convenio para a execución dun programa para a consolidación e diversificación xenética da raza Rubia Galega.

Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar con ACRUGA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 01 de xaneiro de 2023 ata o 31 de agosto de 2025.

O convenio ten por obxecto establecer as condicións das actuacións realizadas por ACRUGA para continuar coa execución dun programa para a consolidación e diversificación xenética da raza Rubia Galega.





O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A pesar de estar catalogada como unha raza autóctona de fomento, a tendencia evolutiva da Rubia Galega é cara a recesión, tanto no censo poboacional como no número de ganderías activas segundo os datos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación-MAPA na aplicación ARCA. A presenza na poboación dun alto grao de consanguinidade como consecuencia da excesiva presión de selección sobre determinados caracteres e a escasa dispoñibilidade de liñas xenéticas diversificadas na poboación, ao que hai que engadir outros factores como a escasa dispersión xeográfica da raza e a incursión e proliferación doutras razas foráneas moi competitivas no seu espazo xeográfico, fai que persista un perigo real de perda da diversidade xenética na raza que diminúe as posibilidades de mellora na mesma, e pode comprometer o seu futuro a medio e longo prazo.

Por estas razóns, como xa se comentou anteriormente, a Consellería do Medio Rural iniciou no ano 2013 un programa para a consolidación e diversificación xenética da raza co obxectivo de manter un suficiente grao de variabilidade xenética que permita continuar cun Programa de Mellora Xenética eficiente. A renovación dos compromisos adquiridos neste sentido suporá unha continuidade temporal que resulta imprescindible nas tarefas de recuperación da raza.

A estratexia a seguir no novo convenio é seguir cos traballos na busca de animais que mantendo as características raciais propias da Rubia Gallega aporten a variabilidade xenética citada, así como procurar liñas xenéticas pouco empregadas que podan contribuír a incrementar e diversificar a base xenética da poboación. Entre os novos obxectivos figura a obtención de touros probados mellorantes da raza con baixos niveis de consanguinidade, realizando valoracións individuais de machos en centros de testaxe e avaliacións de touros sobre descendencia para determinar a súa capacidade de transmisión e a constitución dun banco de xermoplasma como garantía de mantemento da variabilidade xenética da raza.





As actuacións desenvólvense ao abeiro da submedida 10.2 do PDR de Galicia que ten entre un dos seus obxectivos primordiais a recuperación da variabilidade xenética das razas autóctonas de Galicia, e a súa potenciación, de ser o caso.

O desenvolvemento deste proxecto, só é posible coa participación de ACRUGA, xa que os obxectivos do presente convenio e as actuacións a desenvolver se axustan perfectamente aos fins e obxectivos de ACRUGA, tal e como se recolle nos seus estatutos: É a entidade oficialmente recoñecida para a xestión do libro xenealóxico da raza Rubia Galega, así como para levar a cabo o programa de mellora e o control de rendementos. Ostenta a representación e defensa dos intereses dos gandeiros galegos de dita raza, e ten baixo a súa responsabilidade a promoción, defensa, mellora e fomento da mesma, así como o desenvolvemento das funcións que lle sexan delegadas polas administracións públicas. Este obxectivos son compartidos coa consellería do Medio Rural.

O procedemento ordinario de concorrência pública na concesión de subvencións resulta improcedente, por canto ACRUGA resulta imprescindible para a execución do programa. A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social ou económico. No mesmo senso se expresa o artigo 36.c do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei. Por outra parte, o artigo 40.1 do mesmo decreto posibilita a concesión de subvencións directas mediante convenio, nos casos en que se acrediten razóns de interese público, social ou económico.

ACRUGA cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiaria, segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con





independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Financiamento

A Consellería do Medio Rural financiará as actuacións do convenio a desenvolver por ACRUGA, no marco da Submedida 10.2 do PDR de Galicia, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) cunha porcentaxe de financiamento do 75%.

O importe total ascende a seis centos mil euros (600.000,00 €) para o período 2023-2025, dispoñibles na aplicación 2019.14.04.713C.781.1, código de proxecto 2016 00191. Estará condicionado á existencia de dispoñibilidade orzamentaria e distribuirase coa seguinte dotación máxima para cada unha das anualidades do convenio:

- 216.000,00 € para o ano 2023, dos que 11.000,00 € estarán destinados á participación nos eventos Feira Internacional Semana Verde de Galicia e SALIMAT.
- 216.000,00 € para o ano 2024, dos que 11.000,00 € estarán destinados á participación nos eventos Feira Internacional Semana Verde de Galicia e SALIMAT.
- 168.000,00 € para o ano 2025, dos que 11.000,00 € estarán destinados á participación nos eventos Feira Internacional Semana Verde de Galicia e SALIMAT.

Respecto da tramitación do expediente de gasto, resulta de aplicación o establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro do 2000 e do 25 de outubro de 2001, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto, polo que queda condicionada a súa eficacia a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Poderanse efectuar pagamentos a conta, pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, sempre de acordo co disposto no artigo 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da





Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, abonados por contía equivalente á xustificación presentada a conta da liquidación final.

Por todo o exposto, solicítase a tramitación do Convenio entre a Consellería do Medio Rural e ACRUGA, para continuar coa execución dun programa para a consolidación e diversificación xenética da raza Rubia Galega, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, no marco do PDR de Galicia 2014_2020.

Santiago de Compostela, á data da sinatura.

O director xeral de Gandarías, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

Asinado dixitalmente no lateral.

